



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA A RAÍZ DO SECUESTRO DO PESQUEIRO *PLAYA DE BAKIO*

O Parlamento de Galicia:

- Expresa a súa rotunda repulsa polo secuestro do buque *Playa de Bakio*, en augas do Océano Índico, próximas a Somalia, e manifesta a súa fonda preocupación pola situación dos 26 tripulantes, entre os que se atopan 8 galegos.
- Manifesta o seu apoio e solidariedade ás familias dos secuestrados e a conveniencia de que estean permanentemente informadas da situación na que se atopan os seus familiares.
- Amosa o seu respaldo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado para que adopten todas as medidas necesarias para lograr unha pronta resolución da crise, tendo como prioridade a integridade física dos tripulantes do *Playa de Bakio* e na súa repatriación no prazo máis breve posible.
- Manifestamos o noso apoio á negociación do Goberno de España no seo da ONU, para crear un mecanismo de protección multilateral que permita dispoñer de medios suficientes para a protección dos mariñeiros e buques galegos naquelas augas que exista risco de actividades de piratería.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 08.